



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2020

2.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación das bases da convocatoria de axudas para a reactivación económica do comercio local. Anualidade 2020.

Apróbase a convocatoria e as bases reguladoras das **axudas para a reactivación económica do comercio comercio local**, anualidade 2020.

Apróbase un crédito de 100.000 euros e acórdase establecer unha dotación adicional por importe de 200.000 euros, que queda condicionada á declaración da súa dispoñibilidade logo da aprobación das modificacións orzamentarias que cumpran antes da resolución desta convocatoria.

Poderáanse beneficiar destas axudas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, legalmente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do IAE relacionadas co comercio polo miúdo, reparación de artigos eléctricos para o fogar ou reparación doutros bens de consumo.
- Que a sede da actividade se atope no municipio de Santiago de Compostela
- Ser unha micropeme (ocupar a menos de dez persoas e ter un volume de negocio anual ou balance xeral anual que non supere os dous millóns de euros)
- Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

A través destas axudas poderán subvencionar os seguintes gastos:

- Xuros de préstamos concertados con posterioridade ao 14 de marzo de 2020 e pagados desde esa data ata o 2 de novembro.
- Liquidacións das pólizas de crédito devindicadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 2 de novembro de 2020.

O importe da subvención será do 75% do orzamento de gastos co límite de 1.000 euros por persoa beneficiaria. Os criterios de concesión e orde que se aplicarán serán:

1. A orde temporal de entrada da solicitude
2. Que a empresa estivese obrigada a pechar en virtude do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declaraba o estado de alarma e do acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo, polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria en Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

O obxectivo desta convocatoria é minimizar o pacto da crise económica derivada da COVID19, achegar recursos para atender as necesidades de liquidez do comercio local, facilitar a súa recuperación económica, e contribuír ao mantemento da actividade comercial e á protección do emprego.

3.- Proposta da alcaldía e da concelleira delegada de Políticas Lingüísticas relativa á aprobación das bases da convocatoria de cen cheques de consultoría para innovación e mellora do comercio local do programa Coidar para mellorar. Anualidade 2020.

Apróbanse as bases reguladoras da **convocatoria de concesión de 100 cheques de consultoría na anualidade 2020**, repartidos en:

- 17 cheques para a reforma e acondicionamento de locais de negocio
- 17 cheques de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual
- 17 cheques de asesoramento en comunicación comercial
- 17 cheques de asesoramento en mercadotecnia dixital
- 17 cheques para a implantación do comercio electrónico
- 15 cheques para a innovación empresarial

Estes cheques consistirán na prestación dun servizo profesional de asesoramento en cada unha das modalidades previstas, co obxectivo é avaliar as necesidades da empresa beneficiaria e identificar e priorizar as solucións máis adecuadas. A consultoría realizada plasmarase nun documento final de síntese do que se entregará cadansúa copia á persoa beneficiaria e ao Concello de Santiago.

Podéuse beneficiar desta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, cuxa sede de actividade no momento de publicación da convocatoria no BOP se atope no municipio de Santiago de Compostela. Cada persoa beneficiaria só poderá obter un único cheque de consultoría en cada un dos seis eidos existentes.

Estas seis modalidades de cheques son:

1. *Cheque para a reforma e acondicionamento de locais de negocio.* Análise do estado físico do local e proposta de actuacións tocantes a distribución e adecuación de espazos, accesibilidade, materiais, mobiliario, acabados ou iluminación.
2. *Cheque de asesoramento en comunicación comercial.* Análise da situación comunicativa da empresa e deseño dun plan que recolla as estratexias máis acaídas para ampliar e mellorar o seu coñecemento, percepción ou posicionamento no mercado.
3. *Cheque de asesoramento en escaparatismo e mercadotecnia visual.* Análise dos distintos elementos de mercadotecnia visual: o escaparate, fluxos de circulación dentro da tenda, o seu deseño e a colocación dos produtos.
4. *Cheque de asesoramento en mercadotecnia dixital.* Análise do ecosistema dixital, da presenza online e a súa adaptación ao público obxectivo: sitio web, blog, redes sociais, mercadotecnia por email e optimización en buscadores.
5. *Cheque para a implantación do comercio electrónico.* Análise das distintas formas de comercio electrónico e das plataformas existentes para propoñer o sistema máis adecuado ao modelo de negocio e produto da empresa e lograr un bo posicionamento.
6. *Cheque para a innovación empresarial.* Inclúe a análise das posibilidades de mellora da empresa mediante cambios no modelo de negocio, de xestión, procesos, organización ou produtos.

Os criterios de concesión e a orde en que se aplicarán para elaborar a listaxe ordenada de persoas beneficiarias será a orde temporal de entrada da solicitude; e que a actividade empresarial estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do IAE relacionadas co comercio polo miúdo, reparación de artigos eléctricos para o fogar ou reparación doutros bens de consumo.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

4.- Proposta da alcaldía e da concelleira delegada de Políticas Lingüísticas relativa á aprobación das bases da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local do programa Coidar para mellorar. Anualidade 2020.

Apróbase a convocatoria e as **bases reguladoras das axudas para a mellora e innovación do comercio local do programa “Coidar para mellorar”, anualidade 2020**. Tamén se aproba o gasto da convocatoria, con cargo a tres liñas de subvención: liña A, de 115.000 euros, liña B de 15.000 euros, e liña C de 80.000 euros. Establécese, a maiores, unha dotación adicional por importe de 390.000 euros, que se distribuiría entre as tres liñas de crédito indicadas.

Pódense beneficiar desta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas, ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do IAE relacionadas co comercio polo miúdo, reparación de artigos eléctricos para o fogar ou reparación doutros bens de consumo. En caso de non se cubriren as axudas dispoñibles en cada unha das liñas con actividades preferentes, poderán resultar beneficiarias persoas cunha actividade económica distinta das mencionadas.
- Que o local comercial sobre o que se realice o investimento ou gasto se atope no municipio de Santiago de Compostela.
- Os comercios localizados no ámbito do Plan especial de rehabilitación da Cidade Histórica quedan excluídos da posibilidade de obter axudas para gastos investimentos na adecuación física dos locais, dentro da liña A, ao poderen concorrer á convocatoria específica do programa “Localízate”, dirixido á mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética, á mellora da imaxe exterior e ao acondicionamento interior dos locais da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, convocada polo Consorcio de Santiago.
- Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

Os obxectivos específicos destas axudas, que tratan de fomentar a cultura da innovación no comercio local como ferramenta fundamental para incrementar a súa competitividade empresarial, son:

- promover a implantación de tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
- mellorar as condicións físicas dos locais en cuestións relacionadas coa distribución e funcionalidade dos espazos, a accesibilidade, a sostibilidade e o atractivo comercial
- dotar aos establecementos de equipamento e tecnoloxía que melloren a súa competitividade
- implementar procesos de mellora comunicativa; incorporar ou ampliar o uso da lingua galega
- achegar recursos para atender determinados gastos correntes realizados con motivo da situación derivada da COVID-19
- facilitar a recuperación económica do sector comercial.

Considéranse gastos subvencionables os gastos e investimentos realizados que respondan aos obxectivos decritos; e que beneficien ou teñan como lugar de realización a sede de actividade comercial. A maiores, deberán ser realizados e pagados desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o 2 de novembro de 2020. Esíxese un mínimo de 600 euros (IVE excluído) en gastos xustificadas para poder concorrer á convocatoria. Ademais, teñen que se pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

Na liña A están incluídos os investimentos para a adecuación dos locais (obras de reforma; mellora de illamentos, equipamento e instalacións; substitucións de ventás, portas ou outro tipo de mobiliario, elementos de iluminación ou rótulos comerciais); maquinaria e bens de equipo, incluídos os informáticos, e os relacionados coa actividade produtiva da empresa.; periféricos e outros

compoñentes; TPV integrados; paquetes de software de xestión, organización ou comercialización empresarial e licenzas precisas para a realización da actividade da empresa; e ou outros investimentos en innovacións relacionados coa incorporación de novos procesos, métodos de comercialización (comercio electrónico) ou de organización empresariais.

Na liña B están incluídos os gastos de comunicación en lingua galega como honorarios profesionais para: o deseño ou actualización da imaxe corporativa; o deseño, redacción, programación ou xestión de calquera material comunicativo; os gastos relativos á produción e reprodución de materiais comunicativos; e os gastos de produción e organización de eventos comunicativos ou promocionais.

Na liña C están incluídas as axudas para gastos na adecuación dos negocios e en servizos profesionais relacionados coa innovación ou coa recuperación económica necesaria por mor da COVID-19. Poden ser: gastos de asesoría e consultaría financeira e laboral ordinarios ou extraordinarios realizados; honorarios profesionais para o deseño de escaparates e servizos de mercadotecnia visual, ou para o mentemento e xestión de páxinas web, así como mantemento de redes informáticas e sistemas de xestión empresarial. Tamén se poden incorporar os gastos de mantemento de hosting e TPVs virtuais, e os gastos correntes necesarios para a adecuación dos locais.

A través desta convocatoria poderase subvencionar ata o 80% do importe total do orzamento de gastos, establecendo unha contía máxima individualizada de 5.000 euros por liña, é dicir, 15.000 euros como máximo para o conxunto das liñas, por persoa beneficiaria.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á equiparación retributiva de persoal eventual. Apróbase a modificación de varias prazas de persoal eventual, equiparándoas a efectos retributivos ao subgrupo C1, niveis 22 e 18.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2020".

Acórdase modificar o acordo de aprobación da solicitude de participación no "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020" adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de febreiro de 2020, correxindo un dos nomes de solicitude de investimento.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-02.

Aprobar

Aprobación do expediente de crédito extraordinario nº 2020 de importe 439.372,10 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2019 e recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e os pagos rexistrados na conta 555